



Global express

A actualidade na aula

Alto o fogo: O negocio das armas



1. ¿Que teñen en común as persoas destas fotografías?

2. En grupos escollede unha das tres imaxes. Imaxínade e escribide a historia das persoas que aparecen nela.



2. A cultura da violencia



A violencia pode ser de tres tipos:

Directa: son os feitos intencionados para danar física ou psicolóxicamente as persoas.

Estructural: é a violencia que se xera cando as persoas non poden ter unha calidade de vida digna e un pleno gozo dos dereitos humanos (pobreza, fame, falta de educación, represión política, etc).

Cultural: é a violencia que serve para xustificar as violencias directa e estrutural (o racismo, o machismo, o fanatismo, etc).

3. Observa o cómic e coméntao cos teus compañeiros. Posteriormente, sinala as situacións de violencia que atopas.
4. ¿Cres que algunha destas situacións se parecen á vida real? Argumenta as túas opinións.
5. Busca no cómic algúns exemplos dos diferentes tipos de violencia.
6. Analiza o significado do seguinte dito popular: "Se quére-la paz, prepárate para a guerra".
7. Moita xente di que as nosas sociedades viven inmersas na "cultura da violencia". Cos compañeiros fai unha "chuvia de ideas" acerca do significado desta expresión.

3. Mundos virtuais



Os videoxogos, as películas, os videoclip, os debuxos animados recrean, para o noso entretemento, mundos de ficción excitantes e afastados da nosa vida cotiá. Por outra banda, os medios de comunicación cóntannos sucesos que ocorren no mundo e no noso contorno inmediato. ¿Cal é o papel da violencia nos produtos de entretemento e nos medios de comunicación? Invitámoste a descubri-lo.


ámbito analizado:	videoxogos	videoclip	películas TV	debuxos animados	noticias TV	TOTAL
mostra analizada (cantidade)						
% de produtos que conteñen violencia						Media das %

8. Cos datos obtidos de cada ámbito extrae a media da porcentaxe de violencia presente en tódolos ámbitos analizados. ¿En que se parece a media de violencia presente nos videoxogos, videoclip, películas, debuxos animados e noticias á túa vida cotiá?

9. ¿Por que cres que os produtores de entretemento e de noticias recorren á violencia?

10. Lembra a definición dos tres tipos de violencia. ¿Que tipo de violencia exercen os medios de entretemento e as noticias da TV sobre as persoas?

4. Mundo real



© INTERMON OXFAM

Fotografía desdubuxada por razóns de seguridade persoal.

Acosados polos paramilitares...

"Eles (os paramilitares) empezaron a molestarnos, coaccionándonos para que os informáramos acerca das guerrillas. Cando imos á cidade mercar subministracións, os paramilitares acúsannos de abastecer as guerrillas que levan anos pasando por esta zona. Nós non levamos armas. O único que queremos é sementar os nosos cultivos, coidar dos animais e vivir do río e do bosque".

MARCOS, COMUNIDADE RURAL DE URABA, COLOMBIA.

Un ex-alumno mata dezasete persoas nun instituto alemán

'Algún día quero ser famoso', díxerlle a unha amiga

EL PAÍS | Internacional - 27-04-2002

Encarrapuchado e armado cun fusil e mais cunha pistola, un mozo de 19 anos, do que non desvelaron o nome, asasinou onte a subdirectora, 12 profesores, unha secretaria, dous alumnos dun instituto en Erfurt, no leste de Alemaña, e un policía. No instituto, do que acababa de ser expulsado, realizábanse exames de selectividade e decidiu vingarse. O final, optou por se suicidar, segundo a policía. "Algún día quero ser famoso e que todos me coñezan", díxera máis dunha vez, segundo unha antiga compañeira.

(...)

Ata onte pola noite descoñecía-se cómo conseguiu facerse coas armas: un fusil Pumpgun de tiro rápido e unha arma de man, segundo as primeiras informacións. En Alemaña, en 2001, estaban rexistrados polas autoridades 7,2 millóns de armas de fogo, en posesión de aproximadamente 2,3 millóns de persoas, boa parte deles cazadores. De maneira ilegal, ademais, circula un número indeterminado de armas.

CIRO KRAUTHAUSEN - BERLÍN

11. Le os testemuños e comenta quen son as vítimas en cada un dos casos.

12. A partir da lectura destes testemuños ¿poderías describir algunhas das consecuencias que ten a violencia sobre as persoas e as sociedades?

13. ¿Que papel cres que teñen as armas na aparición da violencia directa?

5. ¿Quen sae ganando coa violencia armada?

Tódolos días, millóns de homes, mulleres e nenos viven baixo a presión da violencia armada. Cada minuto, un deles convértese en vítima dun conflito armado ou morre asasinado por persoas ou por bandas armadas nunha gran cidade do sur ou do norte.

A pesar do dano e do sufrimento que produce o uso descontrolado das armas nas persoas e nas comunidades, a compra e a venda de armas é un negocio moi lucrativo, aínda que pouco transparente. Nin os compradores nin os vendedores dan moitos detalles acerca deste comercio.



14. Descarga o "Recurso: actividade 5: mapa de compradores e vendedores" e analízao.

15. ¿Cales son os países que exportan maior cantidade de armamento?

16. ¿Cales son as rexións que importan maior cantidade de armas?

17. Compara o presente mapa co dos conflitos armados (recurso: actividade 4.1) ¿Que conclusións obtés?

18. ¿Quen cres que se beneficia economicamente dos conflitos armados e das guerras? ¿Por que?



6. ¿Unha arma na casa?

14. Estamos no futuro e vives coa túa familia nunha gran cidade. Alí, os medios de comunicación non deixan de falar da violencia urbana. Igual ca ti, os teus veciños e veciñas empezan a se preocupar pola seguridade das súas familias. Hoxe tedes unha asemblea para tomar medidas ó respecto... pero a votación non será nada fácil. Sigue as instrucións para comeza-lo xogo.

Imaxina que estamos no ano 2025. Tes.....anos de idade. Unha vez que rematáche-los estudos, conseguiches traballo nunha gran cidade, na profesión que escolleras. Alí coñecíche-la túa parella, coa que posteriormente decidiches formar unha familia. Actualmente e-lo feliz pai/ nai dunha nena de sete anos e dun neno de tres.

Aínda que estás moi satisfeito/a co teu traballo e maila familia, hai un tema que te preocupa e non te deixa durmir. A televisión e os xornais informan que, no último ano, os feitos violentos na túa cidade se multiplicaron. Os telexornais locais dedícanlles moito tempo ós asasinatos, violacións, roubos e agresións. Na rúa, a xente fala de inseguridade e todo parece indicar que a cidade xa non é un bo lugar para vivir. Pero cambiarse a un sitio máis tranquilo tampouco é unha opción fácil por mor das dificultades para atopar traballo.

Moitas persoas decidiron actuar e están tomando medidas contra a inseguridade. Os negocios dedicados ás armas aumentaron as vendas e as armas de fogo volvéronse un obxecto de consumo moito máis "normal". Algúns dos teus amigos/as non só mercaron unha arma, senón que ademais están indo a cursos para aprender a manexalas. Eles/as din que a acción da policía non é suficiente e que cómpre protexe-las familias.

No teu edificio, a comunidade de veciños/as decidiu actuar colectivamente e organizarse ante posibles agresións nos fogares. A proposta do presidente da comunidade é que cada familia teña unha arma na casa para poder defenderse ou axuda-los seus veciños/as en caso de necesidade.

Esta tarde será a asemblea de veciños/as na que se vai vota-la proposta do presidente. As opinións están moi divididas entre as familias que están a favor e as que están en contra de mercar armas. Antes de votar, intentarás convence-las persoas que teñen unha opinión diferente da túa.

Votarás:

A favor da proposta de mercar armas

En contra

8. Camiñando cara á paz

A campaña internacional para o control do comercio de armas de **INTERMÓN OXFAM** e de Amnistía Internacional xa empezou a traballar a prol dunha cultura da paz.

O obxectivo desta campaña é reduci-lo custo humano das armas. Para iso cómpre conseguirmos:

- A regulación do comercio das armas convencionais para previr abusos e violacións dos dereitos humanos.
- O control do acceso ás armas nas comunidades afectadas pola violencia armada.

(Máis información en: www.armasbajocontrol.org)



© INTERMÓN OXFAM

O mundo está nun punto crítico. Hai millóns de armas en circulación. Poden atoparse practicamente en calquera recuncho do mundo. A miúdo utilízanse para cometer flagrantes violacións dos dereitos humanos. Millóns de persoas están sufrindo as consecuencias.

Mentres tanto, a economía inxusta, a pobreza, a inxustiza, a falta de oportunidades, a desigualdade de xénero, o descoñecemento das outras culturas, o incumprimento dos dereitos humanos, a falta de diálogo, os medios de comunicación seguen alimentando a cultura da violencia...

"Se polo menos o inimigo quixera escoitar, sería maravilloso, cesarían os disparos e poderíamos oírnos un ó outro, simplemente falaríamos e procuraríamos non utilizar armas. Gustaríame rematar con toda esta violencia e contribuír ó desenvolvemento do noso país".

NENA SOLDADO. FILIPINAS, 2001. INFORME DA CAMPAÑA "ARMAS BAIXO CONTROL".

Pero a construción dunha cultura da paz nas nosas sociedades é unha tarefa de tódalas persoas. E ti ¿como participarás?

23. ¿Que podemos facer?

- Accións a nivel persoal:

- Accións a nivel de grupo:

Algunhas ideas:

- Adherirte ás accións da campaña "Armas baixo control" (www.armasbajocontrol.org).
- Crear unha exposición con debuxos, poemas, cancións, fotografías, etc, sobre cultura da violencia e cultura da paz e presentala no instituto.
- Organizar un "día pola paz" no teu instituto.
- Buscar información sobre resolución non-violenta de conflitos.
- Analizar e escoller criticamente os teus medios de información e entretemento.
- Apoia-las accións en contra das guerras e a prol da paz.
- Buscar información na biblioteca ou en internet sobre non-violencia e cultura da paz.